

Resolución da Dirección Científica, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas para a iniciación á investigación para alumnado de grao e mestrado das universidades galegas para a divulgación e transferencia de coñecemento no marco do proxecto “Eclipse 2026.8.12 en Lugo” (FCT-25-22921 que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología e o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades) no Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia - CITMAGA

O Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (en adiante CITMAGA), Consorcio entre a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, e Universidade de Vigo, creado en agosto de 2021 (segundo publicación no DOG do 19 de agosto de 2021 e Acordo Consello de Goberno da USC do 29 de decembro de 2020), ten por obxecto a investigación de excelencia e a transferencia de coñecemento en todas as áreas das matemáticas, a través do establecemento dunha axenda científica orientada e especializada, organizada en áreas de investigación en programas dirixidos á consecución dos retos globais establecidos nas estratexias marco de I+D+i.

No marco do proxecto “Eclipse 2026.8.12 en Lugo” (FCT-25-22921 que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología e o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades), preténdese contribuír á formación, entre a cidadanía, dunha cultura científica que estea libre de concepcións pseudocientíficas e á demolición de certas barreiras invisibles que aínda fan que gran parte da sociedade sexa impermeable a unha visión científica do mundo. Neste caso trátase dun fenómeno astronómico extraordinario, como é unha eclipse total de Sol. A principal actividade deste proxecto é, sen dúbida, a macro observación pública da eclipse total de Sol desde a cidade de Lugo o

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

12 de agosto do 2026.

CITMAGA lanza a convocatoria de bolsas para a iniciación á investigación para alumnado de grao e mestrado das universidades galegas co obxecto de fomentar a iniciación do estudantado na divulgación e transferencia de coñecemento, realizando prácticas formativas no marco do proxecto “Eclipse 2026.8.12 en Lugo” (FCT-25-22921 que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología e o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades).

Con esta finalidade, establécense as bases reguladoras e a convocatoria de bolsas obxecto desta resolución, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e co Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento.

Esta Dirección Científica, no uso das atribucións que ten conferidas resolve:

BASES E CONVOCATORIA

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto destas **bolsas** será o de fomentar a iniciación á investigación mediante a atracción de estudantado de grao e máster interesado na realización de prácticas formativas no marco do proxecto “Eclipse 2026.8.12 en Lugo” (FCT-25-22921 que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología e o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades).

As persoas beneficiarias terán asignada unha tarefa no ámbito de coñecemento no marco do proxecto “Eclipse 2026.8.12 en Lugo” (FCT-25-22921) co obxecto de fomentar a iniciación na divulgación e transferencia de coñecemento desta práctica formativa. O

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

alumnado participante no programa iniciarase na investigación, divulgación e transferencia do coñecemento na temática no marco do proxecto, podendo participar nas actividades que se organicen no centro.

As persoas beneficiarias deberán realizar, como parte da súa formación no ámbito de coñecemento do proxecto, un curso teórico-práctico sobre diversos aspectos da ciencia das eclipses e da observación, mediante telescopios solares, dos fenómenos máis característicos das fases parcial e total dunha eclipse solar. Este curso será impartido polo responsable do proxecto e por un dos membros do equipo de traballo ao longo de varias sesións que terán lugar durante os meses de xullo e agosto na Facultade de Matemáticas.

Na mañá do día da eclipse, o 12 de agosto de 2026, as persoas beneficiarias deberán presentarse á hora e no lugar da cidade de Lugo que se lles indiquen. Durante a mañá desenvolverán actividades de difusión e información dirixidas á cidadanía sobre a sesión pública de observación da eclipse solar total, programada en diferentes puntos destacados da cidade. Pola tarde, durante o transcurso da eclipse, prestarán apoio ao público asistente, ofrecendo explicacións sobre o fenómeno e colaborando no correcto desenvolvemento da observación pública.

O programa de bolsas contará coa supervisión dunha persoa investigadora vinculada ao CITMAGA das universidades do SUG, e que é o director do proxecto e investigador principal do mesmo.

SEGUNDA. Réxime xeral

O CITMAGA convoca, en réxime de concorrencia competitiva, o número de bolsas que se establece para o Centro no Anexo I.

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

TERCEIRA. Características das bolsas

As prácticas formativas que son obxecto destas bolsas terán unha duración dun mes e desenvolverase do 14 xullo ao 13 de agosto de 2026.

A axuda para todo o período será a establecida no Anexo I. No caso de que o período de estancia sexa menor, aboarase a parte proporcional.

CUARTA. Requisitos dos beneficiarios

1. Poderán acceder á consideración de beneficiarios as persoas físicas nas que concorran as circunstancias previstas na convocatoria, e que cumpran os requisitos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Poderán acceder a estas bolsas os e as estudantes que cumpran requisitos de titulación establecidos no Anexo I.

QUINTA. Incompatibilidades

Ademais das incompatibilidades xerais establecidas na Lei xeral de subvencións e demais normativa aplicable, a percepción da bolsa será incompatible con calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

Esta axuda será incompatible con calquera contrato laboral activo en calquera outra entidade pública ou privada. A persoa seleccionada deberá achegar unha declaración de incompatibilidade asinada, establecendo que no momento de aceptar dita axuda cumpre o establecido neste apartado. O modelo de dito documento será facilitado previamente ás persoas beneficiarias.

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

SEXTA. Criterios de selección e adjudicación das bolsas

A ordenación das solicitudes farase de acordo cos seguintes criterios, sobre unha puntuación máxima de 10 puntos:

- a) Os expedientes académicos de grao e das persoas solicitantes, que suporán o 70% da valoración obtida. A nota final de expediente calcularase ponderando polo número de créditos de grao.
- b) A cualificación obtida nalguna das seguintes materias: Fundamentos de Astronomía do Grao en Matemáticas, Astrofísica e Cosmoxía do Grao en Física ou Astronomía Básica do Grao en Óptica e Optometría. Este apartado suporá o 20 % da valoración obtida
- c) O currículo vitae presentando, no que se terán en conta a formación relacionada co obxecto da bolsa, así como calquera outro mérito que poida contribuír ao desenvolvemento da bolsa. Este apartado suporá o 10% da valoración obtida.

SÉTIMA. Presentación de solicitudes

1. A presentación de solicitudes farase a través do correo-e citmaga@citmaga.gal. Na solicitude deberá indicarse que desexa participar na convocatoria de **bolsas para a iniciación á investigación para alumnado de grao e máster no Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia - CITMAGA**.
2. Os documentos que as persoas interesadas deberán achegar no correo-e, son:
 - a) Copia do expediente académico do grao ou título equivalente no que consten as cualificacións obtidas e con expresión da nota media nunha escala de 0 a

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

10 obtida nos estudos oficiais que estea cursando ou cursara a persoa solicitante. No suposto de ter realizado estudos no estranxeiro nun idioma diferente ao inglés, a certificación deberá presentarse coa tradución oficial ao español ou galego. No caso de ter superadas materias de máster, copia do expediente académico correspondente, onde as cualificacións obtidas deben figurar nunha escala de 0 a 10.

- b) Copia do **xustificante de matrícula** correspondente ao curso 2025-2026 ou documento acreditativo expedido pola universidade correspondente.
- c) **Currículo Vitae** da persoa solicitante onde indique, cando menos: cursos realizados (con número de horas), premios obtidos (indicando entidade), participación en actividades científicas (tipo de actividade e de participación), publicacións e outros méritos debidamente acreditados.
- d) **Declaración responsable** manifestando que a documentación achegada e a información declarada é veraz e comprometéndose a achegar a documentación orixinal no caso de que lles fose requirida en calquera momento do proceso de selección ou durante o goce da bolsa. O incumprimento do requirimento dará lugar á exclusión da solicitude durante o proceso de selección ou ao reintegro da bolsa no caso de que a persoa resultase beneficiaria.

OITAVA. Publicidade e prazo de presentación de solicitudes

As bases e a convocatoria publicaranse na [web do CITMAGA](#). O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte da publicación na [web do CITMAGA](#) e rematará aos 7

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

días naturais a partir do día seguinte ao da súa publicación.

NOVENA. Instrución e tramitación do procedemento

O órgano competente para a instrución do procedemento será a Dirección do CITMAGA.

Á vista das solicitudes presentadas, o órgano instructor realizará de oficio as actuacións que estime necesarias para a determinación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

No caso de advertir que a documentación presentada é incompleta concederá un prazo de emenda de 3 días hábiles ás persoas solicitantes. De non emendar os defectos nese prazo, procederá ao arquivo da solicitude.

Unha vez emendadas as deficiencias que se aprecien nas solicitudes, a Dirección do CITMAGA elevará a relación nominal de solicitantes xunto coa documentación á Comisión de Selección.

DÉCIMA. Órganos de selección

As Comisións de Selección serán as encargadas de avaliar as diferentes solicitudes e de emitir un informe no que se concrete o resultado da avaliación, tendo en conta os requisitos xerais establecidos e os criterios de selección e adxudicación previstos na base Sexta.

O informe será remitido á Dirección do CITMAGA e recollerá a ordenación de todas as solicitudes presentadas.

Constituirase unha comisión de selección que estará formada pola Director Científico do CITMAGA, que a presidirá, o investigador principal do proxecto (Prof. Manuel Andrade) e os investigadores vinculados membros do equipo de investigación e traballo do proxecto.

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

UNDÉCIMA. Proposta de resolución

A Dirección Científica do CITMAGA á vista do informe da Comisión de Selección, formulará a proposta de resolución que se publicará na páxina [Web do CITMAGA](#).

Por tratarse dunha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, a Dirección Científica en funcións do CITMAGA poderá acordar a publicación da relación de solicitantes que constituirán a lista de agarda para o caso de que existan renuncias das persoas beneficiarias.

Resolta a convocatoria, as persoas beneficiarias da axuda deberán presentar no prazo máximo de 3 días hábiles a partir da publicación da resolución definitiva de concesión, o documento de aceptación expresa da axuda concedida desta convocatoria. A Dirección Científica do CITMAGA comunicarlles as persoas beneficiarias como deberán achegar dito documento.

Se algunha das persoas beneficiarias renunciase expresamente, ou non aceptase a axuda no prazo e forma establecido nesta convocatoria, a comisión de valoración a proposta do órgano instrutor poderá acordar a concesión da axuda ao seguinte solicitante, seguindo a orde de puntuación, da listaxe de agarda.

DUODÉCIMA. Resolución, notificación e réxime de recursos.

A Dirección Científica do CITMAGA ditará a resolución que poña fin ao procedemento.

A falta de resolución e notificación no prazo sinalado dará lugar a que se entendan desestimadas as correspondentes solicitudes.

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

A proposta de resolución contemplada na base undécima non xera dereitos a favor do beneficiario proposto mentres non se notifique a resolución de concesión.

A resolución de concesión ou denegación definitiva adoptarase no prazo máximo dunha semana contado desde a finalización do prazo de presentación de solicitudes, e comunicarase de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, mediante a súa publicación na [web do CITMAGA](#).

De conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, contra a resolución de concesión ou denegación que pon fin á vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición.

DÉCIMOTERCEIRA. Entrega de documentación

As persoas beneficiarias das bolsas de acordo coa resolución definitiva, deberán entregar ao CITMAGA con carácter previo ao inicio das prácticas formativas, a seguinte documentación:

- a) Copia do documento de identidade ou pasaporte.
- b) Número de afiliación á Seguridade Social (NAF), que deberán solicitar na “Tesorería General de la Seguridad Social” no caso de non dispoñer del.
- c) Modelo 145 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) que se pode descargar no seguinte enderezo: Modelo 145.

(https://www.agenciatributaria.es/static_files/AEAT/Contenidos_Comunes/La_Agencia_Tributaria/Modelos_y_formularios/Declaraciones/Modelos_100_al_199/145/mod145_es_es.pdf)

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

d) Código Conta Cliente da entidade bancaria onde queiran percibir a axuda.

Para entregar a documentación establecida anteriormente, o CITMAGA comunicará ás persoas beneficiarias como deberán achegar dita documentación, facéndolles chegar as instrucións pertinentes a través do correo electrónico que indicaron na súa solicitude.

DÉCIMOCUARTA. Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a realizar as prácticas formativas para as que se concede a bolsa.

O documento xustificativo será remitido polo CITMAGA, que o arquivará xunto co resto do expediente.

As persoas beneficiarias das bolsas deberán entregar **un breve relatorio** das actividades realizadas dun máximo de dúas páxinas para a súa conformidade, antes do 15 de setembro do 2026. O relatorio deberá estar asinada pola persoa interesada e pola persoa responsable da súa titorización.

O incumprimento desta obriga, ou a constatación por parte do CITMAGA da falsidade ou inexactitude dos datos que deron lugar á concesión da bolsa, serán causa de reintegro.

DÉCIMOQUINTA. Disposición derradeira

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da

Consortio Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 15 de xuño de 2026

O Director Científico, en funcións, do CITMAGA
Javier Roca Pardiñas

**Consorcio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

ANEXO I

1. Réxime xeral

Convócanse un máximo de **25 bolsas** coa finalidade descrita. A contía máxima para estas axudas ascende a **13.125 euros** e financiarase a cargo do proxecto “Eclipse 2026.8.12 en Lugo” (FCT-25-22921 que conta coa colaboración da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología e o Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades).

2. Período de realización da bolsa

A duración será de 1 mes e realizarase do **14 de Xullo ao 13 de agosto de 2026**.

3. Contía da axuda xeral

A axuda terá unha contía máxima de **525 euros** brutos distribuídos nunha única paga polo período de 1 mes, ou a parte proporcional no caso de que a estancia sexa inferior. A este importe se lle aplicarán as retencións correspondentes a conta do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF), conforme ao previsto na norma reguladora dese imposto. Así mesmo, descontarase deste importe a cotización á Seguridade Social correspondente á persoa adxudicataria, segundo o disposto no Real Decreto 1493/2011, do 24 de outubro, polo que se regulan os termos e condicións de inclusión no Réxime da Seguridade Social das persoas que participen en programas de formación.

A maiores, sufragaránse os gastos de aloxamento e desprazamento das persoas beneficiarias das bolsas no marco do proxecto, cun orzamento máximo de 2.782 euros.

Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357

4. Requisitos das persoas aspirantes

Estar matriculado nun grao oficial ou nun máster oficial nos cursos 2024-2025 ou 2025-2026 dos ofertados por universidades galegas ; e que non teñan obtido o título da titulación coa que se presentan á bolsa.

Priorizaránse as titulacións con competencias relevantes para CITMAGA, estar a cursar estudos correspondentes ao grao en Matemáticas, Física ou Óptica e Optometría ou dalgún dos mestrados impartidos nas facultades de Matemáticas, Física ou Óptica e Optometría.

**Consortio Centro de Investigación
e Tecnoloxía Matemática de Galicia**
www.citmaga.gal

Pabellón de Servicios - USC. Calle José María Suárez Núñez s/n.
Campus Vida. Santiago de Compostela (A Coruña) CP.15782
citmaga@citmaga.gal | Telf.: +34 881 813 357